

UD4

Platón: ética e política

1.- Antropoloxía

Non podemos en Platón, falar de ética sen antes entender o seu concepto de SH, é dicir, a antropoloxía. Entendemos por antropoloxía platónica a visión do ser humano; como cre que é e que o define.

1.1.- Dualismo antropolóxico: corpo e alma

Platón nos seus anos mozos, é un pitagórico; deles conservará toda a vida dúas cousas:

- a paixón e admiración polas **matemáticas** e a crenza de que o universo explícase en clave matemática;

- a concepción do SH como unha **dualidade** formada por **corpo** (materia) e **alma** (espírito). A parte material é mortal pero a alma é inmortal. O corpo é inauténtico, mutable e pouco fiable porque forma parte do **mundo sensible**, das cousas materiais; pero a alma é eterna, imperecedeira, e perfecta porque pertence ao **mundo das ideas**, das cousas espirituais.

Platón reproduce, o dualismo ontolóxico na antropoloxía. O SH ten dúas partes pero non son dúas partes iguais. Queda claro que a concepción platónica de **corpo** é negativa (como o fora para Sócrates, antes para Parménides e aínda antes para os pitagóricos que o herdaron das relixións órficas). O corpo ten continuas necesidades que nos apartan do cultivo do realmente importante que é adestrar a nosa alma para achegarnos á sabedoría auténtica. O corpo é un lastre que nos mantén unidos ao mundo sensible e que nos fai escravos das paixóns e os desexos. En cambio a **alma** é a parte eterna e inmortal do SH, a parte positiva. Mentres que o corpo (como compoñente do mundo sensible) descomponse e desaparece despois da morte, a alma nunca morre. A alma é eterna, viviu dende sempre no mundo das Ideas (no mundo das formas eternas) e cando o corpo morra abandonarao.

Este pensamento será herdado polo cristianismo. Pero mentres Platón cre na **teoría da reminiscencia** ou **transmigración das almas** ou **teoría da reencarnación**, o cristianismo a nega. Segundo Platón, unha vez o corpo morre e desintégrese, a alma é libre e escapa. Pero como non conseguiu purificarse de todo (a vida humana é demasiado breve), non pode volver ao mundo das ideas ao que pertence, senón que debe pasar a outro corpo para continuar a súa purificación. Se a vida foi boa e intentou purificarse, pasa a un corpo mellor e estará un pouco máis preto do mundo das ideas; pero se levou unha mala vida (unida ás paixóns máis físicas) pasará a un corpo peor afastándose de dito mundo. O camiño da purificación pode durar moitas vidas. Para o cristianismo, en cambio, só hai unha oportunidade.

1.2.- Teoría da alma: o “mito do carro alado”

Para Platón as almas de todos os seres humanos son exactamente iguais. Están compostas de tres partes: **alma racional, irascible e concupiscible** ou **apetitiva**. A primeira parte localízase na cabeza e está relacionada co pensamento e a intelixencia; a segunda está situada no tórax e é responsable das paixóns e os sentimentos nobres (honra, valor, forza); a última está situada no abdome e é a sede dos desexos e apetitos corporais máis baixos (comer, beber, durmir, descansar). Todos os seres humanos temos as tres partes pero non na mesma proporción. Só a parte racional da alma é inmortal, as outras dúas desaparecen co corpo porque están demasiado ligadas a el e non poden sobrevivir.

Platón explica a súa teoría da alma a través do **mito do carro alado**. Neste mito fala dun carro tirado por dous cabalos, un branco e un negro guiados por un auriga. O conxunto é a alma humana e as tres personaxes representan as tres partes da alma. O **auriga** representa a parte racional que guía os cabalos; o **cabalo branco** é a alma irascible, un cabalo valente, esforzado e obediente que esmérase en seguir as instrucións do auriga; o **cabalo negro** é torpe, preguiceiro e desobediente, desvíase constantemente do camiño marcado polo auriga arriscándose a facer descarrilar o carro.

A carruaxe viaxa polo ceo (mundo das ideas) contemplando as formas puras. Pero nesa viaxe astral, o cabalo negro fai o carruaxe indigno de estar no mundo eidético e provoca a perda das áas dos cabalos. Entón a carruaxe precipítase e, a alma (que xa non pode voar), cae ao chan e queda prisioneira nun corpo do que non pode saír (“o corpo é o cárcere da alma”). A raíz da caída, e de quedar pechada en algo material, a alma esquece totalmente as Ideas que contemplou na súa anterior vida. Segundo esta fábula, a alma xa ten dentro dela todo o saber (porque xa o contemplou), non precisa adquirir ningún coñecemento novo. De aquí a célebre frase platónica “**saber é lembrar**”. Nada novo se aprende, todo o saber está xa na alma no momento de nacer, só hai que lembralo. Todo o que podemos captar a través dos sentidos neste mundo material, é falso e lévanos ao camiño do erro. O camiño do coñecemento (da sabedoría) é un traballo duro que consiste en afastarse das cousas materiais e ascender na parte racional para volver ao sitio de onde saíu.

Ese camiño da purificación é tan duro que rara vez pódese acadar con só un ciclo de vida. Por iso Platón cre na **reencarnación** ou **metempsicose** segundo a cal cada vez que o corpo morre a alma **transmigra** a outro corpo nun longo camiño de purificación que pode durar miles de anos. Cada nova vida temos unha nova oportunidade de purificar a nosa alma levando unha vida virtuosa (preocupándonos do espírito e deixando atrás as paixóns corporais). Despois de moitos ciclos pode que a alma, que xa será pura, volva ao mundo das Ideas ao que pertence e onde quedará para sempre.

1.3.- Virtudes da alma

Como dixemos, a alma humana está conformada por tres partes pero non todo o mundo ten a mesma proporción. Aqueles nos que destaca a parte **racional** teñen interese na aprendizaxe, na racionalidade e aspiran a chegar á sabedoría. As persoas nas que predomina a parte **irascible**, son valentes, preocupadas pola honra e os bos actos pero as veces non saben tomar as decisións correctas porque non son suficientemente sabios, por eso son obedientes e respectan ás persoas de alma racional que os guían. Aquelas persoas con predominio da **alma apetitiva** son débiles de carácter, sometidas ás paixóns e ás cousas materiais, deixase arrastrar por sentimentos pouco nobres; a maiores son pouco obedientes e non son conscientes dos seus defectos. Así a parte da alma que predomina en cada persoa determina o seu carácter (o tipo de persoa que é). Se ben é certo que só as persoas con predominio da parte racional da alma poderán chegar a contemplar as Ideas, todas as persoas deben poder desenvolverse e por tanto desenrolar ao máximo as súas virtudes (levar unha vida o máis virtuosa posible dentro das súas posibilidades).

A ética platónica denomínaselle **intelectualismo moral**, significa que a virtude dun SH (o bo que é) está directamente relacionada coa súa sabedoría. As persoas máis racionais son as que coñecen mellor o ben (porque esforzanse moito en chegar á contemplación da idea de Ben) e por tanto son as máis boas. Dende o intelectualismo moral non se concibe que quen coñeza o ben decida voluntariamente non facelo; de feito as persoas “malas” son persoas necias, que non saben.

Por riba das tres virtudes anteriores (intelixencia, valor e temperanza), existe unha virtude aínda máis importante que é a **xustiza**. O concepto de xustiza de Platón é moi particular, enténdea como a capacidade de manter en equilibrio as tres virtudes anteriores: cada ser humano ten que ser quen de dominar os desexos da parte irascible e concupiscible da súa alma (é o auriga dominando o carro dos dous cabalos). Entón a nosa alma vai por bo camiño, temos o control da nosa vida e podemos falar dunha persoa xusta.

2.- Política

2.1.- A estrutura da polis: “comunismo idealista”

Platón, como todos os gregos, consideraba que o SH era un ser social e por tanto a mellor maneira de desenrolarse totalmente era vivir en comunidade. A comunidade ideal era a **polis**. A *polis* está pensada para cubrir as necesidades dos humanos porque como individuos afastados non somos autosuficientes (non nos facemos humanos de todo). A *polis* non só satisfai necesidades básicas se non tamén culturais, intelectuais ... (aquelo que nos fai propiamente humanos). Por tanto, xa que somos seres sociais e vivimos en sociedade, é necesario falar de organización social e política (como organizarse para vivir xuntos).

Platón dedica unha parte moi importante da súa vida a traballar sobre esta organización. En *A República*, un dos seus diálogos máis importantes, presenta, entre moitas outras cousas, unha sociedade ideal. E que é para Platón unha sociedade ideal? É unha sociedade ben ordenada na que reina a xustiza por enriba de todo. E que é a xustiza para Platón? Aquí retomamos o argumento do **equilibrio**: igual que a persoa xusta era aquela que mantiña o equilibrio das tres partes da alma; a cidade xusta será aquela que mantén o equilibrio entre as tres clases sociais ca forman. Establécese así un **paralelismo** entre as **partes da alma** e as **clases sociais da polis**. A xustiza é equilibrio e na *polis* só será posible cando cada persoa se dedique a aquilo que mellor fai. E aquilo que mellor fai é o que a estrutura da súa alma lle permite.

Na sociedade ideal de Platón aquelas persoas con predominio da **parte concupiscible** na alma, débense adicar ao abastecemento da *polis*. Son os **artesáns e produtores**: agricultores, gandeiros, artesáns, comerciantes. Están encargados das necesidades básicas (comida, roupa, vivenda) e de cousas extraordinarias (luxos, adornos ...) Estas persoas están interesadas nos cartos e os negocios (en cousas materiais propias do corpo) e viven en familias. A súa **educación** está encamiñada a traballar a súa virtude que é a **moderación** para que saiban dominar as súas paixóns e impulsos máis básicos e non actúen como animais.

Os individuos nos que predomina a **parte irascible** da alma son **soldados** ou **gardiáns**, e ocúpanse de defender a *polis* de inimigos internos e externos. O que máis lles interesa é a **vitoria** e a **honra**; son valorosos e xenerosos e non están interesados en cousas materiais (entenden que hai cousas máis importantes). Viven en comunas sen propiedades privadas nin familias que os puideran distraer das súas obrigas, dedicando a súa vida á defensa. A súa **educación** vai encamiñada a dominar os seus impulsos a través da razón para ser combativos e eficientes e a obedecer ordes.

Finalmente a terceira clase social é a dos **gobernantes** da cidade. Son os únicos que comprenden a idea de **Ben** e de **Xustiza** (porque a depuración das súas almas permitiulles entrevelas), ideas universais e obxectivas que inspiran as súas decisións. A súa tarefa, á que adican toda a súa vida, é a procura do coñecemento, por eso a súa virtude é a **intelixencia** ou **sabedoría**. Os que cheguen a ese coñecemento; son **filósofos** porque buscan o *sophia*. Platón pensa que os males do mundo non rematarán ata *que os filósofos gobernen o mundo ou os gobernantes do mundo sexan filósofos*.

Paralelismo entre as partes da alma e a organización da polis:

PARTES DA ALMA	VIRTUDES	CLASE SOCIAL
Racional	Intelixencia/Sabedoría	Gobernantes
Irascible	Valentía	Soldados

Apetitiva	Moderación	Produtores
Harmonía da alma	XUSTIZA	Harmonía da polis

O máis interesante da sociedade de clases de Platón é que non se estrutura en función da riqueza ou do berce, senón das capacidades intelectuais intrínsecas de cada un. Por tanto non só garante a Xustiza senón tamén a **Felicidade** porque cada individuo adica a súa vida a aquilo polo que realmente está capacitado. Evidentemente a sociedade da que fala Platón é un **determinismo intelectual** intolerable hoxe en día e en desacordo con todas as teorías psicolóxicas modernas; pero aínda así é interesante entender os argumentos platónicos.

2.2.- Formas de goberno

Aínda que o nome da súa obra máis famosa é *República*, Platón analizou todos os sistemas políticos e decidiu que o mellor era a **Monarquía** (entendida como o poder exercido por unha soa persoa), e en segundo lugar a **Aristocracia** (poder exercido por un grupo pequeno de individuos). Non estamos a falar dunha monarquía de sangue hereditaria, o importante é que o gobernante ou gobernantes sexan **sabios** (filósofos). O problema segundo Platón é que raramente se deixa gobernar a un filósofo por iso a maioría de sociedades son profundamente inxustas e os individuos infelices.

Presenta os distintos tipos de maneiras de organizarse e a súa dexeneración natural en mans de individuos que non están capacitados para gobernar:

Da aristocracia	Pásase á timocracia	Dominio dos soldados ou militares que aínda que son nobres e valentes non posúen suficientemente sabedoría para gobernar
Da timocracia	Pásase á oligarquía	A timocracia segue a dexenerar e convértese nun goberno no que mandan os ricos e poderosos en beneficio propio; se non son valentes nen teñen sentido da honor.
Da oligarquía	Pásase á democracia	Debido ás inxustizas e malas condicións que xera a oligarquía o pobo revélase e toma o poder gobernando todo tipo de individuos que non están preparados
Da democracia	Pásase á tiranía	O pobo é débil e manipulable e convertese nun goberno onde manda unha soa persoa segundo os seus intereses. A tiranía é o peor goberno posible

2.3.- Crítica da democracia

A crítica furibunda de Platón á democracia segue dando moito que pensar hoxe en día. Platón entende a democracia como aquel réxime onde as decisións tómanse por maioría e todas as opinións teñen o mesmo valor. Baixo o seu punto de vista a maioría pode estar equivocada xa que a maior parte de cidadáns son influenciábles e manipulábles. Aínda que hoxe en día defendemos este sistema de goberno como o menos malo, é certo que algunhas minorías poden verse prexudicadas. Tamén é certo que Platón pertence á aristocracia e non vía con bos ollos que clases sociais sen formación puidesen decidir sobre asuntos da *polis*. Compara o goberno dunha nación á ciencia médica: cando estamos enfermos non facemos unha enquisa entre todos os coñecidos para saber que debemos tomar senón que buscamos a opinión do máis sabio (neste caso o médico) e respectamos a súa opinión aínda que non coincida coa da maioría.

Se hoxe en día defendemos a democracia é porque pensamos que non existe ese sabio que coñece o que nos convén a todos. Pensamos que todo o mundo está capacitado e ten dereito a opinar que é “o mellor”. Por iso é moi importante que un Estado garanta o ensino público e de calidade para que todos os cidadáns teñan unha opinión madura e razoada. A grandeza da democracia consiste en que para tomar unha decisión temos que expresar as opinións de todos e debatelas. Moitos filósofos contemporáneos, como Popper, acusaron a Platón de ser un precursor teórico do **totalitarismo** e tacharon de **elitista** á súa sociedade. Non é de todo correcta esta visión: supón unha lectura nesgada da súa obra e non ten en conta as transformacións políticas acontecidas durante os 2500 anos que separan un filósofo de outro.

3.- Conclusións

O modelo político de Platón pretendía deseñar unha **sociedade ideal** e perfecta que resolvase as insuficiencias e defectos dos distintos sistemas políticos que existían. Pero *República* non é un tratado político moderno senón a primeira **utopía** da historia: describe como debería organizarse un Estado idealmente para que reinase a Xustiza. Platón propón unha estrutura social moi rixida na que cada individuo se integra nunha clase social en función das proporcións da súa alma (hoxe diríamos da estrutura da súa psique ou mente). A **educación** xoga un papel fundamental nesta sociedade (Platón foi un gran defensor do **ensino público**) pero nunca resolve que fai que uns individuos acaben pertencendo a unha clase ou outra: só o esforzo?

Platón propuxo algo insólito na súa época: a pesares de que no mundo grego as **mulleres** non tiñan acceso á participación política, el afirmaba que tiñan as mesmas capacidades intelectuais que os homes e que por tanto debíanse de educar igual e poderían dedicarse á filosofía e ao goberno se a estrutura da súa alma o permitía.

Finalmente **lemremos** que o famoso **mito da caverna** ten sobre todo unha función pedagóxica de como debe actuar cada cidadán e do seu compromiso dos mellores

respecto do grupo: os prisioneiros encadeados toda a vida (sometidos as paixóns e impulsos do corpo) mirando á parede que só coñecen as sombras (reflexos do mundo sensible das ideas) e que cren que ven a realidade, deben esforzarse (desprenderse dos sentidos) por liberarse e saír ao exterior; ao principio a luz cegadora (a verdade) failles mal (non a comprenden) e queren regresar ás cómodas sombras; pero deben esforzarse e acostumase á luz (entender); e unha vez que poden contemplar a luz (cando entenden a verdade) é a súa obriga volver atrás (ensinar aos que non comprenden) e liberar das cadeas ao resto (sociedade) a pesares do risco que eso implica (a masa pode tratalo de tolo, non crelo ou incluso matalo). Porque esta é a maneira de avanzar como humanidade cara a unha sociedade máis xusta. O individuo ten unha responsabilidade co grupo.